

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**Tipo Convocatoria:** Ordinaria**Data:** 24 de abril de 2025**Duración:** Dende as 20:00 até as 21:08 horas.**Lugar:** SALÓN DE PLENOS**Presidida por:** FRANCISCO CALO ABELLEIRA**Secretaria:** CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600*	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777*	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Aprobación das actas das sesións anteriores, celebradas os días 27 de febreiro, 1 de abril e 10 de abril do 2025.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Polo Sr. Alcalde sométense a aprobación as actas das sesións anteriores, celebradas os días 27 de febreiro, 1 de abril e 10 de abril do 2025. Non presentándose observacións, todas elas resultan aprobadas.

Expediente 319/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 3/2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 88.696,22 €, que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:

- Relación **OPA X/2024/5**, (facturas da mercantil COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A (A65067332) rexistradas na conta 413 a 31/12/2024), por importe de 19.037,88 €
- Relación contable **F/2025/14**, (facturas ano 2024 presentadas no exercicio 2025), por importe de 69.658,34 € (gasto orzamentario 69.605,00 €)

Visto o informe de reparo número 2025-0007, de 14 de abril de 2025, formulado pola Intervención municipal, no que se manifesta a falta de autorización de gasto nas relacións das facturas indicadas.

Vista a proposta de resolución PR/2025/40 de 14 de abril de 2025, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2024, prorrogadas para o ano 2025,

ACORDO:

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.



TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2025, por importe total de 88.696,22 €, que se corresponde coas facturas incluídas nas relacións contables referidas, que se xuntan como anexo á presente resolución.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican nas relacións contables sinaladas.

Durante a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde concede o uso da palabra á Concelleira de Facenda, D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen realiza a seguinte intervención:

“Neste punto traese para a súa aprobación un R.E.C. no que figuran facturas pendentes de pago que se corresponden con gastos feitos no ano anterior.

Por unha parte están as facturas rexistradas na conta 413 que, neste caso, son todas referentes ó pago de enerxía eléctrica (peaxes por transporte e distribución) que alcanzan un importe de 19.037,34€.

Por outra parte hai unha relación de facturas por importe de 69.658,34€ que se corresponden con gastos de diversa índole feitos no ano pasado.

Nesta ocasión, non podemos dicir moito ao respecto deste expediente, xa que son vostedes, os que compoñían o anterior goberno, quenes coñeceran de primeira man a que se deben todos estes gastos que foron feitos, todos eles, no seu mandato.

Vostedes saberán por qué, entre outras, teñen que figurar neste R.E.C. facturas dunha empresa madrileña suministradora de produtos de limpeza por valor de 7.421,32€, suministrados no mes de novembro pasado.

Vostedes saberán tamén por qué se lle pagan os servizos eléctricos do Asteleiro Ciprián, do último ano a unha empresa constructora, 4.209,95€ en total, o que ven sendo aprox. unha media de 350€/mes.

Ou por qué ten que figurar tamén unha factura que ascende a 5.909,64€ por substitución dunha limpadora da piscina e da escola infantil durante 2 meses, outubro e novembro do ano pasado (ven saíndo aprox. 3.000€ ao mes), ou outras por valor de 2.025,54€ pola limpeza da piscina e da Casa do Concello, durante escasos 5 días laborais, dende o 23 ao 31 de decembro.

Tamén saberán por qué neste REC ten que figurar unha factura de aluguer de material para a celebración da Xeira das Familias do verán do ano pasado, que por certo deberá ser imputada á conta do programa de festexos á que vostedes facían alusión no pasado Pleno, no que se aprobou o Orzamento para o ano 25, decindo que: “Curiosamente, na partida de festexos só se incrementa a partida de arrendamento de mobiliario e enseres, pasando de 5.000€ a 14.500€”



Pois ben, gustaríanos aclarar que o incremento desa partida que a vostedes lles pareceu tan “curioso”, non foi debido ao que vostedes semella que quixeron insinuar, senón que se debe ao “curioso” feito de que cando se redactou o Orzamento 25, esa partida, xa estaba hipotecada pola imputación de gastos por valor de mais de 14.000€ que vostedes fixeran: máis de 7.500€ correspondentes ao ano 24, entre outros, gastos relativos ao Pampallín e ao Santiaguiño do ano pasado Os máis de 6.500€ restantes correspóndense con gastos que xa tamén tiñan feitos antes de deixar o goberno. Esta é a explicación real e documentada do incremento orzamentario que a vostedes lles pareceu tan “curioso”.

Máis nada e moitas grazas.”

De seguido, concédese a palabra a D. Manuel González López, voceiro do grupo municipal de Compromiso Outes, quen sinala que os gastos incluídos no recoñecemento extraxudicial de crédito son gastos reais, derivados de servizos efectivamente prestados ao Concello no curso normal da actividade municipal, polo que corresponde aboalos.

Indica que algunhas das facturas xa foran incluídas nun expediente anterior e que o actual equipo de goberno decidiu retiralas sen explicación clara, provocando así un atraso no pagamento a provedores, tanto locais coma non locais.

Responde ás observacións da Concelleira de Facenda relativas ás contratacións de servizos de limpeza, indicando que, ante a existencia de baixas entre o persoal municipal e o esgotamento da bolsa de substitución creada polo anterior goberno, resulta necesario recorrer a empresas externas. Afirma que a prioridade era garantir a limpeza das infraestruturas municipais.

Polo Sr. Alcalde concédese o uso da palabra ó voceiro do grupo municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen manifesta que, como vén sendo habitual, o grupo nacionalista apoia o pagamento de obrigas recoñecidas extraxudicialmente sempre que estas contén co informe favorable dos servizos técnicos e se trate de servizos efectivamente prestados ao Concello.

Critica o feito de que parte das facturas xa foran incluídas nun recoñecemento anterior e foran retiradas polo novo goberno, o que provoca un atraso innecesario de dous meses no pagamento a provedores. Indica que resulta incoherente retirar parcialmente un expediente baixo o argumento de falta de tempo para a súa revisión, cando o equipo de goberno tivo acceso á documentación durante dúas semanas. Desaconsella entrar en debates sobre o contido de determinadas facturas de maneira descontextualizada e reclama que se atenda ao fondo do asunto: a necesidade de pagar por servizos



efectivamente prestados.

A Concelleira de Facenda fai uso da súa quenda de réplica, para aclarar que non se cuestiona a conveniencia de contratar a limpeza das instalacións municipais, senón o elevado importe dalgunhas facturas: concretamente, 5.900 euros por dous meses de limpeza na piscina e na escola infantil, e 2.025 euros por cinco días laborais de limpeza na casa do Concello e na piscina. Tamén responde ao voceiro do BNG, indicando que en ningún momento se descontextualizan os datos presentados.

Finalizado o debate, o expediente sométese a votación, resultando **APROBADO** por unanimidade dos membros da Corporación.

Expediente 251/2025. Nomeamento de representante en órganos colexiados.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Considerando que, ademais de desempeñar o cargo de alcalde, D. Francisco Calo Abelleira exerce as competencias municipais en materia de educación, resulta pertinente o seu nomeamento como representante do Concello de Outes nos órganos colexiados indicados a continuación.

Vista a proposta de resolución PR/2025/38 de 9 de abril de 2025, e en virtude do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

ACORDO:

ÚNICO. Nomear ao seguinte representante do Concello de Outes en órganos colexiados:

- No CEIP de Outes, D. Francisco Calo Abelleira.
- No IES Poeta Añón da Serra de Outes, D. Francisco Calo Abelleira.

Aberta a quenda de intervencións, concédese o uso da palabra á voceira suplente do grupo municipal de Compromiso Outes, D^a Alba Quintela Vilariño, quen indica que o seu grupo considera axeitado que a representación do Concello nos consellos escolares recaia no propio Alcalde, dado que ostenta a responsabilidade na área de educación.



Suxire que se designe tamén un/unha representante suplente, tendo en conta que as reunións poden coincidir no tempo, especialmente ao final do curso escolar, o que pode impedir a asistencia do titular.

Concédesse o uso da palabra ó voceiro do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen manifesta que o seu grupo non formula obxeccións respecto do nomeamento proposto, mais apoia a suxestión de Compromiso por Outes en relación coa necesidade de prever a designación dun/unha suplente que poida actuar en caso de coincidencia de convocatorias.

Polo Sr. Alcalde agradécese as achegas realizadas e manifesta que se toma boa nota da proposta de designar un suplente.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o punto a votación, resultando **APROBADO** por 7 votos a favor, 0 en contra e 6 abstencións.

Expediente 872/2024. Dar conta da aprobación do Plan Anual de Control Financeiro do exercicio económico 2024.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde informa de que se propón incorporar por urxencia ao orde do día a dación de conta do Plan Anual de Control Financeiro correspondente ao exercicio 2024, debido a unha incidencia técnica que impideu a súa inclusión no Pleno correspondente.

Para a xustificación da urxencia, concédese o uso da palabra á Concelleira de Facenda, Dª María Beatriz Molinos Vidal, quen expón que, segundo o previsto no artigo 213.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cada exercicio a Intervención municipal debe elaborar un plan anual de control financeiro, do que se debe dar conta ao Pleno da Corporación.

Aclara que o Plan foi elaborado no seu momento, pero por unha incidencia técnica, non foi efectivamente incorporado na orde do día do Pleno que lle correspondía, sen que esa incidencia foxe detectada daquela. Subliña que, antes do 30 de abril, debe remitirse á IGAE e ao Consello de Contas o informe-resumo de control interno, acompañado da acreditación de que se deu conta ao Pleno do Plan Anual. Por iso, considérase imprescindible tramitar a súa inclusión por vía de urxencia.



Concédesse o uso da palabra a D^a Alba Quintela Vilariño, quen manifesta que, aínda que o seu grupo recoñece a urxencia da dación de conta, considera necesario deixar constancia de que, se este erro se producise estando o seu grupo no goberno, o Partido Popular o tería cualificado como mostra de desorganización ou desgoberno. En calquera caso, sinala que os esquecementos son posibles en calquera administración.

Pola Concelleira de Facenda respóndese que non se pretende atribuírle o erro ao anterior grupo de goberno, xa que este corresponde ao ano 2024. Precisa que puido deberse tanto a un esquecemento coma a unha incidencia técnica, e que non resulta reprochable nin ao anterior goberno nin ao actual.

Sometida a votación, por unanimidade dos membros presentes acórdase a inclusión, por urxencia, do presente punto na Orde do Día da Sesión, ao abeiro do disposto no art. 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Vista a proposta de resolución PR/2024/159 de 23 de abril de 2025.

ACORDO:

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta ó Pleno da Corporación da aprobación do Plan Anual de Control Financeiro do exercicio económico 2024.

Moción sobre ALTRI presentada polo Grupo Municipal do BNG.

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

O proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei, impulsada pola Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri, acendeu todas as alarmas da sociedade galega cando se soubo que a empresa escollera Galiza para se instalar como segunda opción, unha vez que non lle era posíbel facelo en Portugal.

Nun primeiro momento presentouse este proxecto como unha iniciativa centrada na produción circular de fibras téxtiles, mais pouco despois púidose comprobar que o propósito real era a fabricación de pasta de celulosa soluble (máis do 70% da produción) destinada en gran parte á exportación.

Este proxecto industrial tería consecuencias devastadoras para o territorio e o medio ambiente, non só na comarca da Ulloa, senón tamén en toda a Ría de Arousa e nas localidades que se abastecen do río Ulla. A extensión da factoría, que ocuparía 366



hectáreas e que prevé a ocupación de case un millón e medio de metros cadrados, incluíndo unha cheminea de 75 metros de altura, tería un gran impacto paisaxístico.

A nova factoría requiriría inxentes cantidades de auga do río Ulla e provocaría vertidos de augas residuais altamente contaminantes, o que afectaría á calidade das augas e á biodiversidade tanto do Ulla como da ría de Arousa. A actividade económica e o emprego na zona tamén sufrirían un impacto negativo, que non se compensaría para nada coas promesas da Xunta de Galiza sobre a posíbel creación de emprego desde empresa pasteira.

O mesmo acontecería coa economía e os sectores produtivos de toda a ría de Arousa, pois a vertedura de 30.000 metros cúbicos diarios de auga contaminada tería unha afección clarísima na calidade das augas dunha ría que xa está vivindo neste momento unha crise produtiva sen precedentes, como tamén nos está pasando na nosa Ría.

O impacto ecolóxico deste proxecto é alarmante, dado que a zona está en proceso de ampliación da Rede Natura 2000 e alberga hábitats e especies en perigo de extinción. As emisións contaminantes representarán un risco para a saúde pública, a calidade dos solos e o uso residencial na área circundante. Ademais, o proxecto ameaza a protección do Camiño de Santiago e outros bens culturais da contorna. Unha nova pasteira no corazón de Galiza agravaría o grave problema que xa sofren os montes galegos, condicionando aínda máis a política forestal e afondando na expansión descontrolada do eucalipto, cando o que realmente se precisa é reverter a situación xerada polo modelo da Xunta do PP da man de ENCE na ría de Pontevedra.

A Xunta de Galiza do PP vén de outorgarlle a este proxecto a autorización de impacto ambiental, consumando así unha traizón a Galiza sen precedentes, poñendo por diante dos intereses da sociedade galega os seus intereses propios e os dunha empresa portuguesa, da que, ademais, é socia a ex conselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato.

A pesar disto, o proxecto de Altri aínda non conta coa luz verde ambiental. Faltan procesos decisivos como a Autorización Ambiental Integrada ou a concesión da captación de auga no encoro de Portomouros, entre outros. É agora cando máis cómpre que o conxunto da sociedade galega se mobilice e reitere o seu rexeitamento rotundo a un proxecto que atenta de forma clara contra a saúde e o futuro de miles de galegas e galegos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte



ACORDO

1. Expresar a oposición da corporación á megacelulosa contaminante de Altri, dado que perpetúa un modelo de dependencia e explotación, fomenta a expansión da plantación de eucalipto e ocasionaría diversas repercusións negativas para todo o país, para as comarcas próximas á megafactoría, así como para o río Ulla e a ría de Arousa. Impacto negativo económico que tamén podería afectar severamente ao resto de Concellos do país.
2. Condenar a actuación da Xunta de Galiza neste proceso por antepoñer os intereses dunha empresa privada portuguesa aos intereses da sociedade galega.
3. Solicitar ao Goberno do Estado que non traizoe a Galiza outorgándolle fondos públicos á empresa portuguesa Altri para a construción desta macrocelulosa en Palas de Rei.
4. Instar ao goberno municipal a promover e facilitar cos medios ao seu alcance a asistencia da veciñanza ás convocatorias e mobilizacións sociais contra este proxecto.
5. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado.

Finalizada a lectura da moción pola voceira suplente do BNG, D^a María Soledad Agra Tuñas, polo Sr. Alcalde ábrese a quenda de intervencións dos membros da Corporación, outorgando o uso da palabra a D^a Alba Quintela Vilariño, a cal manifesta o apoio do seu grupo á moción e comeza preguntando por que esta moción non foi incluída previamente na comisión informativa correspondente, o que dificultou unha análise máis detallada.

Seguidamente, argumenta que o proxecto de Altri implica unha ocupación territorial desmesurada, situándose a tan só 12 km en liña recta do centro xeográfico de Galicia. Subliña que, ao tratarse dunha instalación industrial de gran escala, os datos asociados tamén o son: un consumo estimado de 46 millóns de litros de auga diarios procedentes do río Ulla, equivalente ao consumo doméstico de toda a provincia de Lugo, e un retorno ao medio hídrico de aproximadamente 30 millóns de litros de augas residuais tratadas.

Afirma que este uso intensivo de recursos hídricos non se corresponde cun modelo sostible, especialmente nun contexto de cambio climático no que os caudais dos ríos están diminuindo de forma constante. Lembra que, segundo a documentación presentada, o proxecto afecta a tres espazos da Rede Natura 2000, e terá un impacto directo sobre flora e fauna protexida.



Cita un estudo da Universidade de Santiago de Compostela que conclúe que a presenza e variedade de aves se reduce á metade nas masas de eucalipto fronte ás masas forestais autóctonas, alertando así sobre a consecuencia da expansión do monocultivo e da perda de biodiversidade.

Reivindica a coherencia do actual goberno municipal de Outes, que aposta por iniciativas como o proxecto “Renatur” e a Declaración de Dereitos dos Ríos, que buscan restaurar ecosistemas e promover unha relación equilibrada co medio natural. Conclúe que proxectos como o de Altri van en dirección contraria e, por tanto, o seu grupo vota a favor da moción.

De seguido, concédese o uso da palabra ao Concelleiro do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen realiza a seguinte intervención:

Con respecto a esta moción, entendemos que volvemos á mesma de sempre. A vostedes impórtalles pouco se é legal ou non é legal a implantación dunha empresa nun lugar, xa o fixeron co tanatorio do Bosque. Entendemos que só lles preocupa que non lles moleste a vostedes.

Se por vostedes fose, creo que aínda seguiríamos á luz dos candís. Como vostedes din na moción, non se sabe se teñen luz verde ou non no impacto ambiental, faltan aprobacións de procesos decisivos, como a captación da auga. Pero vostedes xa están aí dicindo que non, antes de ver se é ilegal ou non. O seu, cremos que é facer barullo e amedrentar, con independencia da súa legalidade. Veñen pedindo na súa moción que o Concello de Outes lles pague as viaxes a estas mobilizacións. Entendemos que aos membros da CIGA e do BNG.

Perdoen vostedes que lles diga, pero seguen vostedes máis preocupados polo seu rédito político a nivel galego que polos intereses dos veciños e veciñas de Outes. E por iso non vou apoiar esta moción. Ademais, que o día que presenten unha moción que o único que esixa sexa que se cumpra a legalidade, terán o meu voto a favor. Nada máis e moitas grazas.

Finalmente, intervén o Sr. Alcalde, quen realiza a seguinte intervención:

En primeiro lugar, queremos lembrar que hai tres anos presentouse no Parlamento unha iniciativa na que todos os partidos políticos (TODOS) se uniron na defensa da instalación desta planta na provincia de Lugo por tratarse dunha gran aposta económica, laboral e estratéxica. Nesa iniciativa falábase dunha “planta para a elaboración de pasta soluble de papel”, e foi aprobada por unanimidade (febreiro de 2022) co apoio de todos os grupos con representación na Cámara: o PPdeG, o PSdeG e o BNG. De feito, ata houbo alcaldes tanto do BNG (Ribadeo) coma do PSOE (As Pontes) que pedían que Altri fora para os seus Concellos. E, por moito que o neguen, o contido



daquel proxecto non variou absolutamente nada.

Incluso hai unha cousa bastante grave, que é que chegan a poñer en dúbida os traballos dos técnicos que emitiron os informes. Supoño que o saberán, pero penso que hai que ter en conta o seguinte: a Declaración de Impacto Ambiental aprobada polo Goberno galego respecto a este proxecto dá absoluta tranquilidade e garantías sobre a viabilidade ambiental da iniciativa.

Foron consultados arredor de 30 órganos afectados ou interesados e emitíronse 34 informes elaborados por 42 técnicos que determinaron a viabilidade ambiental do proxecto.

A DIA inclúe máis de 60 exixencias específicas ao promotor, o que representa máis de tres veces o que é habitual, de media, nunha DIA.

Todos os informes vinculantes emitidos para a súa elaboración son condicionados. Galicia non se conforma con pedir ás empresas que cumpran cun 5 en materia ambiental: exige un 10.

Agora que ten que decidir é o goberno central, e o que esperamos é que o faga co rigor que tamén se fixo na Xunta.

De seguido, a Concelleira D^a María Soledad Agra Tuñas, toma novamente a palabra para replicar as intervencións precedentes, rexeitando realizar valoracións sobre as presuntas ilegalidades ás que aludira D. José Antonio Caamaño, manifestando que, ao seu xuízo, dita persoa carece de lexitimidade para facer esas afirmacións por ser un tráfuga.

A continuación, afirma que as leis poden ser legais e estar vixentes, pero non necesariamente xustas ou inmutables, sinalando que o cambio lexislativo é posible grazas á protesta social e ao exercicio democrático. Cita exemplos históricos como a legalización do divorcio ou do aborto, e critica a utilización do argumento da legalidade como única xustificación política, considerando que denota, ao seu xuízo, unha falta de coñecemento da realidade xurídica e social.

Sobre o proxecto industrial obxecto do debate, a concelleira lembra que en febreiro de 2022 tanto o BNG como o PSdeG e o PP votaron no Parlamento galego a favor da súa tramitación como proxecto estratéxico, baseándose na información dispoñible nese momento. Segundo manifestou, o proxecto presentábase como unha planta para a produción de fibras téxtiles (liocel) a partir de madeira, e non como unha macrocelulosa.

Critica que, despois das eleccións de 2023, se revelasen aspectos que, ao seu entender,



foran deliberadamente ocultados ata ese momento, como a verdadeira dimensión da planta (360 hectáreas, o equivalente a 600 campos de fútbol), ou a natureza real da actividade industrial, centrada na produción de pasta de celulosa soluble e fibras téxtiles.

Cuestiona tamén os datos iniciais sobre o emprego que xeraría o proxecto, que pasaron de anunciar 2.500 postos de traballo directos a unha estimación de 500 postos directos e 2.000 indirectos, o que, ao seu xuízo, supón unha redución substancial.

Advirte dos posibles impactos ambientais sobre a Ría de Arousa, lembrando que membros doutros grupos políticos se manifestaran no seu momento contra o proxecto mineiro de San Finx polos efectos negativos que podería ter sobre o sector marisqueiro, e que, segundo a súa opinión, neste caso os efectos poderían ser moito máis graves.

Sinala que, malia a existencia de informes legais, existen antecedentes nos que determinados proxectos contaron con informes favorables e, con todo, deron lugar a procedementos xudiciais e mesmo imputacións de cargos públicos, polo que, ao seu entender, a legalidade formal non é garantía absoluta de ausencia de responsabilidade.

Refírese tamén ao impacto sobre o territorio e ao monocultivo do eucalipto, advertindo que o proxecto requiriría preto de 800 millóns de eucaliptos e podería fomentar a expansión desta especie, o que considera prexudicial para Galicia. Cita o caso de Portugal, onde existe unha moratoria sobre o eucalipto tras os incendios de veráns anteriores.

Por último, defende a conveniencia de debater este tipo de cuestións nos plenos municipais, por tratarse de proxectos que afectan ao conxunto de Galicia e non só ao ámbito local. Reinvidica a coherencia política das forzas que actúan a distintos niveis institucionais (concello, Parlamento e Estado) e critica os cambios de postura dalgúns grupos segundo o ámbito no que gobernan.

Finaliza o Sr. Alcalde facendo uso da quenda de réplica, para indicar que se respectan todas as opinións expresadas durante o debate e que, nesa mesma liña, tamén se deben respectar os informes emitidos polos técnicos competentes.

A continuación, expón a postura do equipo de goberno, indicando que calquera iniciativa industrial que se pretenda implantar en Galicia contará co seu apoio sempre que cumpra coa normativa vixente. Pola contra, no caso de non cumprila, manifesta que non poderá ser respaldada. Conclúe afirmando que esta postura é, ao seu xuízo, a única posible e coherente nestes casos.

Finalizado o debate, a moción presentada é sometida a votación, resultando **REXEITADA** por 6 votos a favor (C.O e BNG), 7 en contra (PP e G.M) e 0 abstencións.



Rogos e preguntas.

Iniciada a quenda de rogos e preguntas, en primeiro lugar, toma a palabra o Sr. Alcalde para solicitar aos membros dos restantes grupos políticos municipais que, no caso de que se rexistren preguntas por escrito para a súa contestación no pleno, sexan presentadas como moi tarde ás 14:00 h do día anterior á celebración do pleno, a fin de posibilitar o seu estudo e contestación polo equipo de goberno.

Pola Concelleira D^a Alba Quintela Vilariño rexéitase esta posibilidade sinalando que o ROF permite rexistrar preguntas por escrito até 24 h antes da celebración do pleno, polo que entenden as preguntas rexistradas até as 20:00 h do día anterior deben ser contestadas na propia sesión plenaria. Critica que no pasado o grupo municipal do Partido Popular rexistraba preguntas ben pasadas as tres da tarde.

Sentado o anterior, o **Grupo Municipal de Compromiso Outes**, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, traslada as seguinte preguntas ao Grupo de Goberno:

PREGUNTA (D^a Alba Quintela Vilariño): O día 16 de abril o goberno de Calo e Caamaño publicou nas redes sociais do concello o cartel da 25^a edición do Pampallín, gustaríanos coñecer:

- a) A canto ascende o custe total do Pampallín 2025?
- b) Poden vostedes detallar as partidas directamente relacionadas coa organización deste evento así como as cantidades que se prevén gastar en cada unha delas?

RESPOSTA (D. Andrés Castro Abelleira): o custo total previsto para o Pampallín 2025 é de **24.114,18 €**, o que supón un aforro de 13.230,46 € respecto ao custo do evento do ano anterior, que se celebrou nun só día. Detalla as partidas e importes previstos da seguinte maneira:

- Actuación de Festicultores: 0 € (financiado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia).
- Actuación da Banda da Balbina: 0 € (financiado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia).
- Espectáculo Lume: 1.680 € + IVE.
- Actuación de Capitán Voskov: 2.500 € + IVE.
- Actuación de Monolius DOP: 3.000 € + IVE.
- Cabina móbil co DJ e son incluído: 8.000 € + IVE.



- Actuación de 9LOURO (día 4): 8.000 € + IVE.
- Inchables e obradoiros do Pampallín Miúdo (día 4): 8.000 € + IVE.
- Son e iluminación grupos (día 30): 3.700 € + IVE.
- Son e iluminación (día 4): 3.300 € + IVE.
- Servizos de seguridade (día 30): 614,80 € + IVE.
- Carpa (día 30): 1.500 € + IVE.
- Carpa (día 4): 500 € + IVE.
- Baños químicos (día 30): 282 € + IVE.
- Xeneradores (días 30 e 4): 800 € + IVE.
- Escenario e baños antipánico: 1.850 € + IVE.
- Protección técnica e catering para os grupos: 800 € + IVE.
- Cartelería: 75 € + IVE.

O concelleiro sinala que nesta previsión non se inclúe o posible pago á SGAE, xa que non se coñece aínda se haberá actuacións de grupos suxeitos a dereitos de autor. En 2024, o importe foi de 1.600 €.

PREGUNTA (D. Daniel Rodríguez Gándara): O Clube de Baloncesto Outes creado no ano 2018, na presente tempada conta cun total de 60 fichas federativas, tendo equipos dende a categoría pre-mini ata veteranos, que comprenden idades dende os 4 ata os 57 anos.

Entre as súas propostas para dinamizar este deporte en Outes, solicitaron a compra dunhas canastas regulamentarias para unha zona exterior, onde tiñan prevista a organización dun torneo de baloncesto no formato 3x3 para o próximo verán. A posibilidade que se vía máis viable, e acordada previamente co Clube foi a Praza do Bosque que xa conta con canastas de minibasquet, pero non con canastas da altura regulamentaria a 3,05 m.

Coa instalación deste material búscase poñer en valor un espazo público ao que todas as cidadás e cidadáns teñen acceso libre para a práctica deportiva e onde ademáis existen negocios que se poden ver beneficiados da afluencia de xente, como bares, supermercados e outros comercios próximos. No pasado mes de febreiro, concretamente o día 19 de febreiro aprobouse unha autorización de gasto co código 2025-0037 para a adquisición das nomeadas canastas.

Uns días despois, o 27 de febreiro as canastas foron entregadas nas instalacións do



Pavillón Municipal de A Serra de Outes. Poucos días despois as canastas xa non estaban no citado pavillón:

- a) Foron almacenadas noutro lugar para a súa posterior colocación?
- b) Segue sendo a Praza do Bosque, como solicitan dende o Clube de Baloncesto Outes, a ubicación para a súa instalación?
- c) En caso de que se tomase a decisión de non instalar e devolver as canastas poden explicarnos cal foi o motivo?

RESPOSTA (D. José Antonio Caamaño Lestón):

- a) As canastas non foron almacenadas noutro lugar.
- b) En ningún momento se me solicitou nin a ubicación nin a instalación de canastas para o evento ao que vostedes fan referencia. Como vostedes ben saben, durante o período de goberno do tripartito, a Concellería de Deportes mantivo, como mínimo, unha reunión trimestral con todos os clubs deportivos do concello, nas cales se abordaban as necesidades de cada entidade (loais, horarios, torneos, etc.). Pois ben, o Club de Baloncesto Outes nunca, repito, nunca, puxo enriba da mesa esta petición nin informou da organización ou previsión de celebración dun torneo destas características.
- c) O motivo da devolución das canastas foi que este goberno atopouse cun material adquirido do que non se tiña coñecemento nin constancia oficial. Ninguén informara da súa solicitude nin da finalidade prevista. Ademais, o grupo municipal Compromiso non considerou oportuno reunirse con este novo goberno nin co concelleiro de Deportes para explicar os movementos realizados en relación con este asunto, que coincidiron temporalmente coa presentación da moción de censura.

RÉPLICA (D. Daniel Rodríguez Gándara): matiza que, segundo a súa información, esa solicitude si existía desde hai cinco anos e que, efectivamente, o Club xa lla trasladara ao Goberno municipal en datas anteriores.

RÉPLICA (D. José Antonio Caamaño Lestón): reitera que a compra das canastas se efectuou sen consenso e que o club nunca trasladou ao equipo de goberno actual a necesidade do material, subliñando que se trataba dunha solicitude de hai cinco anos que, no seu momento, non se materializara. Especifica que, tras reunirse co club, este confirmou que a petición inicial databa de hai cinco anos, polo que considera incongruente a vinculación co torneo previsto para o presente ano.



PREGUNTA: Vista a resolución de 31 de marzo de 2025 de expulsión definitiva do PsdG-PSOE do concelleiro José Antonio Caamaño Lestón, e tendo en conta o informe de secretaría de 21 de febreiro de 2025 respecto deste tema, cando pensa vostede retirarlle as competencias ao concelleiro transfuga, Sr. Calo?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): manifesta que non pode proporcionar unha contestación concreta ao respecto. Indica que, como se pode observar no expediente 192/2025, ao que se pode acceder, o concelleiro D. José Antonio Caamaño segue sendo Concelleiro adscrito, polo que non hai ningunha cuestión que modificar neste momento.

O Concelleiro D. Anxo Núñez Fernández inicia a súa intervención respondendo á proposta do alcalde sobre o prazo para a presentación de preguntas. Expón que, mentres nalgúns casos se defende o cumprimento da lei, noutros non parece suficiente.

Indica que a normativa permite rexistrar preguntas ata 24 horas antes do pleno, polo que os Concelleiros teñen dereito a presentar cuestións nese prazo. Sinala que, en ocasións previas, as preguntas foron rexistradas con dous ou tres días de antelación e incluso minutos antes de finalizar o prazo, sendo igualmente respondidas no propio pleno.

Sentado o anterior, o **Grupo Municipal do BNG**, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula as seguinte:

PREGUNTA: Estamos a pouco tempo, previsiblemente, de que se entregue a obra da 2ª fase da rúa da Capela. Puidemos ver con fondo desagrado como, logo de chegaren vostedes ao goberno, tomaron a decisión de talar as catro árbores que había en fronte da Policía Local e do Centro de Emprendemento.

- a) En que momento e en base a que tomaron esta decisión?
- b) Que fixeron cos restos das árbores?
- c) Van a completar a plantación de árbores nos lugares previstos tanto na rúa do Doutor Esperante como na rúa da Capela?
- d) Están en contra de humanizar as rúas con árbores que porten sombra e embelezan os espazos públicos?

RESPOSTA (D. Domingo A. Troncoso Martelo):

- a) Afirma que o goberno actual non tomou ningunha decisión sobre a retirada das árbores, indicando que foi determinada no proxecto previo. Expón que, tras reunirse coa dirección de obra e a empresa contratista, observouse que as



árbores tiñan as raíces expostas, estaban danadas e unha delas xa estaba tombada. Indica que no proxecto non figuraban árbores nesa marxe, mentres que noutra si estaban previstas tres, pero sen partida orzamentaria para a súa plantación.

- b) Sobre os restos das árbores, explica que, como ocorre cos residuos da obra, a empresa encargada da execución do proxecto se ocupou da súa xestión.
- c) Confirma que se completará a plantación de árbores nos lugares previstos, asegurando que se subsanará o que considera un proxecto incompleto. Sinala que na Rúa do Doutor Esperante a obra carece de árbores, farolas, cableado eléctrico e sinalización horizontal, e que ao recibir a obra se procederá á súa finalización. No caso da Rúa da Capela, indica que tampouco se prevé partida orzamentaria para as árbores e que se instalarán cando se dispoña dos fondos necesarios.
- d) Reafirma que o goberno non está en contra de humanizar as rúas con árbores, pero manifesta a súa oposición a executar proxectos incompletos.

RÉPLICA (D. Anxo Núñez Fernández): responde que no proxecto non se contemplaba a eliminación das árbores, pero que desde o goberno anterior indicouse á empresa que non se talaran, deixando espazo para evitar que as raíces quedasen afogadas baixo o pavimento. Sinala que esta decisión foi trasladada ao actual goberno e que este podería ter tomado a mesma medida. Cuestiona a retirada de todas as árbores e insiste en que se trataba dunha decisión contraria ao mantemento do espazo natural existente.

Critica a postura do goberno sobre os proxectos incompletos, defendendo que se deben mellorar os proxectos de obra sempre que iso sexa posible. Comenta que as árbores melloran os espazos urbanos e expón exemplos previos onde se realizaron modificacións que incluíron árbores en ambas marxes. Conclúe pedindo que se priorice a calidade dos espazos públicos e se considere a necesidade de zonas de sombra ante o cambio climático.

Finalmente, polo Sr. Alcalde pregúntase aos membros da Corporación se desexan formular algún rogo ao grupo de goberno.

Polo Concelleiro do BNG D. Anxo Núñez Fernández formúlase un **ROGO**, retornando á cuestión dos proxectos, solicitando maior rigor técnico, pois no proxecto da Praza do Concello estaba tecnicamente xustificada a tala de dúas árbores a fin de permitir a construción dunha rampa de acceso para persoas con mobilidade reducida.



E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:08 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

